

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 27 DE OUTUBRO DE 2017

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día vinte e sete (27) de Outubro do ano dous mil dezasete (2017), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana

D^a. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)

D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Benito Saavedra Vazquez

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)

D^a. M^a del Carmen Folla González (PP)

D^a. Natalia Iglesias Mendez

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP).

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

1º.- Expediente de modificación de créditos

Dáse conta pola Alcaldía do expediente, segundo segue:

Expediente de modificación de créditos	14	2017
Crédito extraordinario/Suplemento	01	2017
Finalidade	SENTENZA INDEZA	
Importe Total gastos	208.835,15	
Importe Total Ingresos	208.835,15	

Ó PLENO DA CORPORACIÓN

De conformidade co artigo 177 do TRLHL poderá modificarse o Orzamento mediante créditos extraordinarios para facer fronte a gastos que non podan demorarse ata o exercicio seguinte para os que non exista crédito ou o existente sexa insuficiente.

Consonte co disposto no artigo 36 a) e b) do RD 500/90, do 20 de abril, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderán financiarse, entre outros, con:

- Remanente líquido de tesourería, calculado de acordo co establecido no artigo 101 a 104 do texto legal antes referido.

No orzamento de Silleda para o exercicio 2017 figura crédito orzamentario para o aboamento dos importes pendentes de pago a INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL S.L, con CIF B36009785.

Con data 27 de febreiro de 2017 ten entrada no rexistro do Concello de Silleda auto do xulgado nº2 do contencioso administrativo de Pontevedra no que se establece un plan de pagos alcanza o importe para o 2017 de 476.438,15 euros. Co obxeto de dar cumprimento á resolución xudicial e visto o informe de intervención

propoño:

1º Aproba-lo expediente de modificación de créditos nº **14/2017, subexpediente 1/2017 de Crédito extraordinario e suplemento de crédito**, segundo o seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920-22604	Gastos xurídicos	208.835,15
	TOTAL	208.835,15
INGRESOS QUE FINANCIAN A XERACIÓN		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente para gastos xeráis	208.835,15
	TOTAL	208.835,15

2º) Este acordo será obxecto de exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, contado a partir da publicación do anuncio no B.O.P., para que os

interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

3º) No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase definitivamente aprobada a modificación.

4º) A Intervención, logo da entrada en vigor do expediente de modificación, procederá a emitir os correspondentes RC de retención para cada un dos créditos que se conceden.

Intervencións:

Voceiro do PP: sostén que hai unha falta da dilixencia debida no goberno municipal, deixando que se pasaran prazos de un recurso, por ex., e que non se atendeu debidamente os requirimentos xudiciais, o que obriga agora a ter que modificar os Orzamentos. Cando xa se coñecía o Auto, tiña que estar feito, polo que censura a actitude da Alcaldía.

Sr. Secretario (logo de cederlla a palabra o Sr. Alcalde): non se deixou pasar prazo algún de recurso, de feito o Auto está apelado diante do TSXG. Facendo un obrigado resumo, nun asunto complicado, o subliñable é que, nestes intres, a día de hoxe, INDEZA xa nen sequera é acredor municipal, por ter cedido toda a débeda a outros. En concreto hai dúas demandas no Xulgado do Social de traballadores da empresa en fase de execución, que son os novos interlocutores pola cuantía reclamada, mais outra de un Banco, máis 2 pequenas empresas e, finalmente, a Axencia Tributaria. Todo iso está en distinta fase de execución, que me van a permitir non dar mais detalles aquí por respecto a esas terceiras persoas. Ademais, aínda que cetramente son dúas empresas distintas, INDEZA e CAMPOMARZO, sen dúbida, tamén é certo que o Xerente é a mesma persoa. Nese senso foi condenada CAMPOMARZO A LIQUIDAR 272.000 € O Concello. Logo pasou a concurso de acredores. E nesa fase estamos. Unha débeda que el mesmo, por certo, propuxo inicialmente compensar, a de INDEZA coa de CAMPOMARZO. En definitiva, o substancial é esa sentenza a favor municipal, pendente do concurso, e que xa son outros os acredores da débeda do Concello con INDEZA, con situacións distintas, por ex. o caso do Xulgado do Social no que xa pasou un ano pendente de execución.

Sometido a votación se aproba por unanimidade a Proposta da Alcaldía:

1º Aproba-lo expediente de modificación de créditos nº **14/2017, subexpediente 1/2017 de Crédito extraordinario e suplemento de crédito**, segundo o seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE

920-22604	Gastos xurídicos	208.835,15
	TOTAL	208.835,15
INGRESOS QUE FINANCIAN A XERACIÓN		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente para gastos xerais	208.835,15
	TOTAL	208.835,15

2º.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2016.

Dáse conta dos datos mais salientables da Liquidación do exercicio de 2016 por parte do Intereventor, unha vez ditaminada pola Comisión Especial de Contas e exposta ao público durante 23 días sen alegacións, transcribindo a Resolución:

Examinada a liquidación do exercicio 2016, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.

Visto que con data 17 de marzo de 2017, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 20 de marzo de 2017, emiteuse informe de Intervención de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2016, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

- Dereitos recoñecidos netos	6.339.174,66.-
- Obrigas recoñecidas netas	6.176.028,23.-
- Resultado Orzamentario axustado	163.146,43.-
- Remanente de Tesourería total	2.863.359,76.-
- Desviación de financiamento positivas	40.000,00.-
- Saldos de dubidoso cobro	2.280.632,11.-
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	542.727,65.-

SEGUNDO: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución dacordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO: Ordear a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

Votación e acordo:

Sometido a votación, por unanimidade, SE ACORDA:

- **APROBAR A CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2016, coa posterior remisión ao Consello de Contas para a súa fiscalización.**

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 10-30 horas do 27 de Outubro de 2017, do que, eu, o Secretario, dou fe.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga